

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ENA	Enerxía e auga	CMENA01	Redes e estacións de tratamento de augas	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1565	Construción en redes e estacións de tratamento de auga	2022/2023	10	209	209

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA BELÉN ARNOSO Balsa
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coa empresa Viaqua, no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	20	10
2	Prevención de riscos na obra civil		23	12
3	Os procesos constructivos		32	15
4	Elaboración e posta en obra de morteros e formigóns		34	16
5	Construción de fábricas de ladrillo		34	16
6	Movementsos de terra e urbanización		32	15
7	Organización de obras		34	16

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Organiza as tarefas da obra que se vai executar, planificando actividades e asignando recursos humanos e materiais	SI
RA5 - Controla a nivel básico a normativa en materia de prevención de riscos laborais en construción e describe as características da súa aplicación	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Caracterizáronse os procesos de execución dos traballos, secuenciando fases e detallando recursos
CA4.2 Obtívose información para a realización dos traballos, interpretando a documentación técnica dispoñible
CA4.3 Determináronse as unidades de obra, así como os medios e a estrutura de actuación en labores de construción
CA4.4 Seleccionáronse os materiais apropiados, en cantidade e calidade adecuadas para os labores encomendados
CA4.5 Seleccionáronse a maquinaria e os medios auxiliares asociados ás actividades en labores de construción
CA4.6 Elixíronse os materiais máis apropiados describindo as vantaxes e os inconvenientes entre os materiais subministrados e que son de utilización nos labores e nos traballos de obra civil que integran as instalacións
CA4.7 Comprobáronse e acondicionáronse os espazos de almacenamento, os materiais e os equipamentos necesarios, dentro do seu ámbito de competencia, para lograr a calidade e o rendemento requiridos
CA4.8 Planificáronse os labores para realizar nos lugares de faena destinados a edificación e obra civil, secuenciando actividades e adaptando recursos
CA4.9 Elaboráronse orzamentos de traballos de construción, medindo e valorando unidades de obra
CA4.10 Organizáronse as tarefas de execución de obra, comprobando as tarefas realizadas
CA5.1 Identifícanse as actividades propias da seguridade e a saúde no traballo no marco normativo básico que a regula no sector da construción, valorando a importancia que dentro delas presentan as medidas e as técnicas de prevención de riscos laborais e protección
CA5.2 Definíronse os riscos laborais de carácter xeral en contornos de traballo, así como os sistemas de prevención, especificando as funcións do control de riscos laborais e do control de saúde de dos/das traballadores/as
CA5.3 Diferenciáronse os principios e os criterios de actuación nas primeiras intervencións que se realizan ante situacións de emerxencia en construción e de primeiros auxilios, valorando a súa importancia e as súas consecuencias
CA5.4 Identifícanse os riscos laborais en obras de construción, argumentando as razóns da súa frecuencia e a gravidade das súas consecuencias, e especificando criterios básicos de prevención e equipamentos de protección asociados
CA5.5 Identifícanse as prescricións do plan de seguridade e saúde dunha obra para diferentes tipos de faenas, interpretando as medidas aplicables a partir de plans de seguridade e saúde, e planos de obra
CA5.6 Valorouse a importancia e a necesidade do uso e do mantemento de equipamentos de protección individual (EPI) en diferentes situacións, en función de que os/as traballadores/as operen correctamente con eles, consonte os criterios específicos
CA5.7 Valorouse a importancia e a necesidade do emprazamento, a instalación e o mantemento de equipamentos de protección colectiva, en función de se son adecuados aos traballos que cómpre desenvolver
CA5.8 Definiuse a importancia e a necesidade do uso, o emprazamento, a instalación e o mantemento de medios auxiliares, valorando se son adecuados aos traballos que cómpre desenvolver

4.1.e) Contidos

Contidos
Caracterización dos procesos de construción.
Compilación de información dos documentos do proxecto.
Asignación de recursos.
Planificación de faenas.
Valoración de traballos.
Conceptos básicos sobre seguridade e saúde. Factores de risco. Danos derivados do traballo. Os accidentes de traballo e as doenzas profesionais.
0Elementos básicos de xestión da prevención de riscos.
Primeiros auxilios.
Marco normativo. Normativa básica en materia de prevención de riscos laborais.
Normativa específica no sector da construción.
Riscos xerais e a súa prevención. Riscos ligados ás condicións de seguridade. Riscos ligados ao ambiente do traballo.
Medios de protección colectiva.
Plans de emerxencia e evacuación.
O control da saúde dos/das traballadores/as.
Equipamentos de protección individual.
Riscos específicos e a súa prevención no sector da construción. Fases de obra e as súas proteccións correspondentes. Implantación de obra.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Prevenición de riscos na obra civil	23

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Controla a nivel básico a normativa en materia de prevención de riscos laborais en construción e describe as características da súa aplicación	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse as actividades propias da seguridade e a saúde no traballo no marco normativo básico que a regula no sector da construción, valorando a importancia que dentro delas presentan as medidas e as técnicas de prevención de riscos laborais e protección
CA5.2 Defínense os riscos laborais de carácter xeral en contornos de traballo, así como os sistemas de prevención, especificando as funcións do control de riscos laborais e do control de saúde de dos/das traballadores/as
CA5.3 Diferenciáronse os principios e os criterios de actuación nas primeiras intervencións que se realizan ante situacións de emerxencia en construción e de primeiros auxilios, valorando a súa importancia e as súas consecuencias
CA5.4 Identifícanse os riscos laborais en obras de construción, argumentando as razóns da súa frecuencia e a gravidade das súas consecuencias, e especificando criterios básicos de prevención e equipamentos de protección asociados
CA5.5 Identifícanse as prescricións do plan de seguridade e saúde dunha obra para diferentes tipos de faenas, interpretando as medidas aplicables a partir de plans de seguridade e saúde, e planos de obra
CA5.6 Valorouse a importancia e a necesidade do uso e do mantemento de equipamentos de protección individual (EPI) en diferentes situacións, en función de que os/as traballadores/as operen correctamente con eles, consonte os criterios específicos
CA5.7 Valorouse a importancia e a necesidade do emprazamento, a instalación e o mantemento de equipamentos de protección colectiva, en función de se son adecuados aos traballos que cómpre desenvolver
CA5.8 Defínense a importancia e a necesidade do uso, o emprazamento, a instalación e o mantemento de medios auxiliares, valorando se son adecuados aos traballos que cómpre desenvolver

4.2.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos sobre seguridade e saúde. Factores de risco. Danos derivados do traballo. Os accidentes de traballo e as doenzas profesionais.
Elementos básicos de xestión da prevención de riscos.
Primeiros auxilios.
Marco normativo. Normativa básica en materia de prevención de riscos laborais.
Normativa específica no sector da construción.
Riscos xerais e a súa prevención. Riscos ligados ás condicións de seguridade. Riscos ligados ao ambiente do traballo.
Medios de protección colectiva.
Plans de emerxencia e evacuación.
O control da saúde dos/das traballadores/as.
Equipamentos de protección individual.
Riscos específicos e a súa prevención no sector da construción. Fases de obra e as súas proteccións correspondentes. Implantación de obra.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Os procesos constructivos	32

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza as principais tipoloxías de obras de construción en redes e estacións de tratamento de auga, e relaciona os procesos para a súa execución coas súas características e os seus requisitos básicos	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse e clasifícanse as principais tipoloxías de obras de edificación e obra civil, en relación coa súa función, as súas características e a súa situación
CA1.2 Relacionáronse os procesos construtivos en redes e estacións de tratamento de auga coas fases da súa execución e os seus requisitos
CA1.3 Caracterizáronse os principais axentes que interveñen nas obras de construción de redes e estacións de tratamento de auga
CA1.4 Relacionáronse as funcións dos axentes que interveñen nas obras coas súas atribucións e responsabilidades
CA1.5 Relacionáronse os oficios e os/as profesionais que executan traballos de obras de construción de redes e estacións de tratamento de auga coas operacións que realizan
CA1.6 Identifícanse as necesidades de materiais e de equipamentos empregados na execución de obras de construción de redes e estacións de tratamento de auga

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipoloxías de obras de edificación e obra civil.
Procesos construtivos de obras de edificación e obra civil.
Axentes implicados en obras de construción.
Profesionais e oficios implicados en obras de construción.
Medios materiais e equipamentos empregados en construción.
Elaboración de aglomerados. Morteiros e formigóns.
Obras de cimentación superficial e profunda. Lousas e ancoraxes.
Arquetas e pozos de rexistro.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elaboración e posta en obra de morteros e formigóns	34

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Levanta fábricas de bloques de formigón e de ladrillo visto para revestir e estruturas de formigón, seguindo as prescricións contidas na documentación técnica	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Descríbense os procesos de elaboración de morteiros e formigón segundo os métodos de traballo
CA2.4 Estableceuse a composición e a dosificación dunha mestura de morteiros e formigóns determinada, en función da súa aplicación e das súas características exixibles
CA2.5 Determinouse o proceso necesario para armar unha ancoraxe ou unha estrutura definida, unindo os seus elementos mediante atadura con arame
CA2.6 Realizouse a instalación dunha arqueta prefabricada
CA2.8 Construíuse unha ancoraxe para un elemento da rede de abastecemento de auga conforme as prescricións da documentación técnica

4.4.e) Contidos

Contidos
Fábricas de albanelaría.
Elaboración de aglomerados. Morteiros e formigóns.
Obras de cimentación superficial e profunda. Lousas e ancoraxes.
Arquetas e pozos de rexistro.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Construción de fábricas de ladrillo	34

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Levanta fábricas de bloques de formigón e de ladrillo visto para revestir e estruturas de formigón, seguindo as prescricións contidas na documentación técnica	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Axustouse a implantación do arranque e do levantamento de fábricas ás condicións reais de execución do proxecto, garantindo o cumprimento das prescricións técnicas dos traballos formulados
CA2.2 Describiuse a secuencia xenérica de execución de obras de fábrica, realizando os labores de fábrica de ladrillo e de bloque de formigón conforme a secuencia programada
CA2.7 Construíronse unha arqueta e un pozo xeral para arranque dunha acometida
CA2.9 Executáronse os revestimentos verticais de arquetas e pozos en función das exigencias de proxecto

4.5.e) Contidos

Contidos
Fábricas de albanelaría.
Arquetas e pozos de rexistro.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Movimentos de terra e urbanización	32

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Levanta fábricas de bloques de formigón e de ladrillo visto para revestir e estruturas de formigón, seguindo as prescricións contidas na documentación técnica	NO
RA3 - Realiza traballos de urbanización para conducións lineais e elementos complementarios e singulares, para o cal interpreta as prescricións técnicas	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.6 Realizouse a instalación dunha arqueta prefabricada
CA3.1 Descríbense os tipos de terreos, así como a súa clasificación e a súa estrutura
CA3.2 Identifícanse os tipos de obras na vía pública e de movemento de terras, así como os procedementos asociados a cada unha
CA3.3 Seleccionouse o tipo de transporte e os equipamentos para cada tipo de obra, así como o proceso de descarga e abastecemento, para a posta en obra de cada material
CA3.4 Identifícanse os tipos de gabia e realizouse a súa apertura e o seu esteamento, tendo en conta as situacións de obra en gabia
CA3.5 Axustouse a implantación ás condicións reais de execución, comprobando que os datos obtidos permitan a execución dos traballos formulados
CA3.6 Aplicáronse os procedementos de colocación de tubos, inmovilización e posterior tapadura
CA3.7 Realizáronse os encofrados para as ancoraxes segundo a súa situación e a súa función no sistema de redes instalado, tendo en conta as prescricións técnicas
CA3.8 Identifícanse os tipos de instalacións de drenaxe urbana, coñecendo os procedementos de instalación e posta en obra
CA3.9 Identifícanse as solucións de pavimentación en urbanización, con pezas rixidas e continuas, definindo os seus campos de aplicación respectivos, e relacionando as características e as propiedades dos materiais do pavimento
CA3.10 Realizáronse os procesos de rotura, execución e reparación de pavimentos e soleiras de formigón, logo da identificación e a descrición dos elementos para utilizar, e precisando os métodos de traballo nestes lugares de faena

4.6.e) Contidos

Contidos
Coñecementos do terreo.
Obras de urbanización.
Obras na vía pública.
Obras de terra.
Transporte de materiais e equipamentos.
Tipos de gabia.
Baixada a gabia.
Esteamentos.

Contidos
Obras de drenaxe transversal e lonxitudinal.
Construción de firmes e pavimentos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Organización de obras	34

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Organiza as tarefas da obra que se vai executar, planificando actividades e asignando recursos humanos e materiais	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Caracterizáronse os procesos de execución dos traballos, secuenciando fases e detallando recursos
CA4.2 Obtívose información para a realización dos traballos, interpretando a documentación técnica dispoñible
CA4.3 Determináronse as unidades de obra, así como os medios e a estrutura de actuación en labores de construción
CA4.4 Seleccionáronse os materiais apropiados, en cantidade e calidade adecuadas para os labores encomendados
CA4.5 Seleccionáronse a maquinaria e os medios auxiliares asociados ás actividades en labores de construción
CA4.6 Elixíronse os materiais máis apropiados describindo as vantaxes e os inconvenientes entre os materiais subministrados e que son de utilización nos labores e nos traballos de obra civil que integran as instalacións
CA4.7 Comprobáronse e acondicionáronse os espazos de almacenamento, os materiais e os equipamentos necesarios, dentro do seu ámbito de competencia, para lograr a calidade e o rendemento requiridos
CA4.8 Planificáronse os labores para realizar nos lugares de faena destinados a edificación e obra civil, secuenciando actividades e adaptando recursos
CA4.9 Elaboráronse orzamentos de traballos de construción, medindo e valorando unidades de obra
CA4.10 Organizáronse as tarefas de execución de obra, comprobando as tarefas realizadas

4.7.e) Contidos

Contidos
Caracterización dos procesos de construción.
Compilación de información dos documentos do proxecto.
Asignación de recursos.
Planificación de faenas.
Valoración de traballos.
Organización de actividades de execución de obra.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

CRITERIOS CUALIFICACIÓN:

A cualificación atenderase aos seguintes criterios:

- A cualificación realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en resultados de aprendizaxe, os criterios de avaliación do módulo e os obxectivos xerais do Ciclo Formativo, segundo o establecido no seu Currículo.
- Realizaránse dúas avaliacións parciais do módulo no mes de Decembro e Marzo. Na derradeira avaliación o alumno/a poderá presentarse á recuperación das avaliacións suspensas.
- Asistencia obrigatoria do alumnado para acadar os obxectivos establecidos.
- Superación dunha/s proba/s de avaliación de carácter conceptual (teórico, exercicios, cálculos, etc).
- Superación e entrega obrigatoria de traballos/actividades propostos. Faráse a media destes valorándose de 0 a 10 pts. Puntuarase cun 0 o traballo/actividade non entregado.
- Superación, de realizarse, unha proba de carácter práctico.
- As cualificacións obtidas polo alumnado expresaranse en cifras de 1 a 10, sen decimais; considerándose positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco puntos, e negativas as restantes.

Porcentaxes de cualificación:

- Parte teórica: 60%
 - Proba escrita: 50%
 - Entrega dun traballo: 50%

É preciso ter unha nota mínima de 4 en cada unha das partes (correspondende cos mínimos esixibles da proba) para que faga media coa parte práctica.

- Parte práctica: 40%

Contarán todas as prácticas propostas polo docente. É preciso ter entregadas o 80%.

É preciso ter unha nota mínima de 4 (correspondende cos mínimos esixibles da proba) para que faga media coa parte práctica.

Considerase superado se a nota media ponderada da parte práctica e teórica é igual ou superior a 5.

MÍNIMOS EXIXIBLES:

UD 1:

CA4.1 - Caracterizáronse os procesos de execución dos traballos, secuenciando fases e detallando recursos.

CA4.4 - Seleccionáronse os materiais apropiados, en cantidade e calidade adecuadas para os labores encomendados.

CA4.5 - Seleccionáronse a maquinaria e os medios auxiliares asociados ás actividades en labores de construción.

CA4.6 - Elixíronse os materiais máis apropiados describindo as vantaxes e os inconvenientes entre os materiais subministrados e que son de utilización nos labores e nos traballos de obra civil que integran as instalacións.

CA4.8 - Planificáronse os labores para realizar nos lugares de faena destinados a edificación e obra civil, secuenciando actividades e adaptando recursos.

CA4.9 - Elaboráronse orzamentos de traballos de construción, medindo e valorando unidades de obra.

CA4.10 - Organizáronse as tarefas de execución de obra, comprobando as tarefas realizadas.

CA5.1 - Identificáronse as actividades propias da seguridade e a saúde no traballo no marco normativo básico que a regula no sector da construción, valorando a importancia que dentro delas presentan as medidas e as técnicas de prevención de riscos laborais e protección.

CA5.2 - Definíronse os riscos laborais de carácter xeral en contornos de traballo, así como os sistemas de prevención, especificando as funcións do control de riscos laborais e do control de saúde de dos/das traballadores/as.

CA5.3 - Diferenciáronse os principios e os criterios de actuación nas primeiras intervencións que se realizan ante situacións de emerxencia en construción e de primeiros auxilios, valorando a súa importancia e as súas consecuencias.

CA5.4 - Identifícanse os riscos laborais en obras de construción, argumentando as razóns da súa frecuencia e a gravidade das súas consecuencias, e especificando criterios básicos de prevención e equipamentos de protección asociados.

CA5.5 - Identifícanse as prescricións do plan de seguridade e saúde dunha obra para diferentes tipos de faenas, interpretando as medidas aplicables a partir de plans de seguridade e saúde, e planos de obra.

UD2

CA5.1 - Identifícanse as actividades propias da seguridade e a saúde no traballo no marco normativo básico que a regula no sector da construción, valorando a importancia que dentro delas presentan as medidas e as técnicas de prevención de riscos laborais e protección.

CA5.2 - Definíronse os riscos laborais de carácter xeral en contornos de traballo, así como os sistemas de prevención, especificando as funcións do control de riscos laborais e do control de saúde de dos/das traballadores/as.

CA5.4 - Identifícanse os riscos laborais en obras de construción, argumentando as razóns da súa frecuencia e a gravidade das súas consecuencias, e especificando criterios básicos de prevención e equipamentos de protección asociados.

UD3:

CA1.1 - Identifícanse e clasifícanse as principais tipoloxías de obras de edificación e obra civil, en relación coa súa función, as súas características e a súa situación.

CA1.2 - Relacionáronse os procesos construtivos en redes e estacións de tratamento de auga coas fases da súa execución e os seus requisitos.

CA1.3 - Caracterizáronse os principais axentes que interveñen nas obras de construción de redes e estacións de tratamento de auga.

UD4:

CA2.5 - Determinouse o proceso necesario para armar unha ancoraxe ou unha estrutura definida, unindo os seus elementos mediante atadura con arame.

CA2.8 - Construíuse unha ancoraxe para un elemento da rede de abastecemento de auga conforme as prescricións da documentación técnica.

UD5:

CA2.1 - Axustouse a implantación do arranque e do levantamento de fábricas ás condicións reais de execución do proxecto, garantindo o cumprimento das prescricións técnicas dos traballos formulados.

CA2.7 - Construíronse unha arqueta e un pozo xeral para arranque dunha acometida.

UD6:

CA3.4 - Identifícanse os tipos de gabia e realizouse a súa apertura e o seu esteamento, tendo en conta as situacións de obra en gabia.

CA3.6 - Aplicáronse os procedementos de colocación de tubos, inmovilización e posterior tapadura.

CA3.7 - Realizáronse os encofrados para as ancoraxes segundo a súa situación e a súa función no sistema de redes instalado, tendo en conta as prescricións técnicas.

UD7:

CA4.1 - Caracterizáronse os procesos de execución dos traballos, secuenciando fases e detallando recursos.

CA4.2 - Obtívose información para a realización dos traballos, interpretando a documentación técnica dispoñible.

CA4.3 - Determináronse as unidades de obra, así como os medios e a estrutura de actuación en labores de construción.

CA4.10 - Organizáronse as tarefas de execución de obra, comprobando as tarefas realizadas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para recuperar aqueles aspectos que non foron acadados satisfactoriamente polo alumnado, plantearanse as seguintes actividades para compensar as carencias que sexan detectadas e poder acadar as capacidades terminais elementais:

- Actividades de recuperación de contidos teóricos, ben de repetición das actividades máis importantes, ou ben, actividades de conxunto de contidos relacionados. Para elo, o profesor facilitará os recursos necesarios para realizalas.
- Actividades de recuperación de contidos prácticos de xeito individual, que abrangerán as aprendizaxes desenvoltas no taller.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación extraordinaria faráse para todos aqueles alumnos que non superen as probas que se programen nas distintas avaliacións e constará do seguinte:

PROBA TEÓRICA:

Un exame teórica de toda a materia programada do módulo e que pode constar dun ou varios exercicios.
Examen teórico que se puntuará cun 60 % da nota final.

PROBA PRÁCTICA:

Unha proba práctica de toda a materia programada do módulo e que pode constar dun ou varios exercicios.
Examen práctico que se puntuará cun 40% da nota final.

Será indispensable aprobar o exame teórico (igual ou máis de 5 pts) para poder realizar o exame práctico.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A avaliación da propia programación implica por parte do docente un proceso de reflexión para valorar en función dos logros acadados, a idoneidade da súa programación e do seu sistema de ensinanza, co fin de introducir melloras no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Ao remate de cada unidade didáctica realizarase o seguimento da programación para reflectir o seu grao de cumprimento e a xustificación razoada no caso de haber desviacións.

A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e de outras circunstancias. Mensualmente e de acordo co proceso de mellora da calidade do centro, informarase nas reunións do equipo docente do cumprimento da programación e, de ser o caso, dos motivos do non cumprimento da mesma así como das medidas a adoptar.

No caderno de aula indícaranse as actividades realizadas e especialmente as avaliacións (data e instrumento empregado).

O seguimento de avaliación docente farase dacordo co proceso de actividades de aula, mediante a enquisa de satisfacción do labor docente onde se indica a satisfacción por módulos e se detectan posibles problemas para tomar as medidas correctoras necesarias nas reunión do equipo docente de grupo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado a través de preguntas cortas relacionadas co módulo, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Dos resultados da avaliación inicial obteranse as impresións previas as sobre as capacidades iniciais do alumnado que determinarán as posibles medidas de reforzo ou extraordinarias a aplicar con posterioridade.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que presente deficiencias conceptuais e/ou procedimentais adaptaranse os tempos deseñando actividades de reforzo orientadas a acadar os mínimos esixibles recollidos na presente programación. Para estes alumnos ampliarase o tempo para acadar os obxectivos, realízanse varias actividades de reforzo e utilízanse apoios visuais como complemento da comunicación oral.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

- Ao longo do curso incidirase na necesidade da orde, limpeza e condicións de seguridade no posto de traballo, co que estamos educando para a Saúde e Calidade de Vida.
- A necesidade de aproveitar os materiais utilizados nas prácticas, así como a reciclaxe de plásticos, papel, cartón, etc., co que estamos a incidir na Educación medioambiental.
- Durante as clases os alumnos debaterán para resolver en conxunto os problemas e cuestións propostas, co cal estaremos educando para a solidariedade, traballo en equipo, respecto polos demais e igualdade de xénero.
- Mediante a busca da eficiencia enerxética de instalacións e equipos estaremos educando nun consumo responsable.
- O alumnado comprenderá que o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación lle permitirá a adaptación ás novas situacións laborais, en tanto en canto, favorece o acceso aos recursos, ás ofertas formativas e ás noticias sobre o mundo laboral e económico que vaían xurdindo ao longo do curso.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Prevéese realizar visita/s a unha estación de tratamento de auga potable (ETAP), a unha estación depuradora de augas residuais (EDAR) e a un tanque de tormenta. Realizarase na clase a preparación previa a visita/s e posteriormente presentarase individualmente un traballo resume da mesma/s. Ademais, tratarase de colaborar e participar nas tarefas que o propio Centro organiza para os alumnos a nivel interno.

10. Outros apartados

10.1) Cuestionarios

Nas primeiras semanas do curso, procederase a realizar unhas cuestións breves do contido xeral do módulo para ter nocións do nivel do alumnado matriculado e así poder decidir as medidas preventivas e/ou correctoras, de seren necesarias.